

TARXETA BENVIDA

Que é?

É una axuda económica para as familias destinada a apoiar os gastos derivados do nacemento, garda con fins adoptivos ou adopción dun neno ou nena menor dun ano.

Quen pode beneficiarse desta axuda?

Poderán beneficiarse as persoas que teñan a súa residencia habitual en Galicia e que teñan fillos ou fillas, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018 ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena nado/a nese período.

Tamén as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018.

Que requisitos hai que cumprir?

-Ter a persoa solicitante a súa residencia en Galicia

-Non superar os 45.000 euros de renda da unidade familiar sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro, ou os 13.500 euros de renda per cápita, na declaración do IRPF do último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude de subvención.

Cal é o seu importe?

Con carácter xeral, a contía da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do neno ou nena. No caso de garda con fins adoptivos ou adopción, o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes no que se emita a resolución administrativa ou xudicial e ata que o neno ou nena cumpra un ano.

Para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías:

-600 €/ano, a razón de 50€/mes, se é o primeiro fillo/a

-1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se é o segundo fillo/a

-2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se é o terceiro/a ou sucesivos/as

Como se aboará esta axuda?

O pagamento da axuda efectuarase a través da Tarxeta Benvida, unha tarxeta moedeiro que se expedirá a nome da persoa solicitante.

Esta tarxeta só poderá ser empregada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Que produtos se poderán mercar?

A Tarxeta Benvida poderá empregarse para a compra, en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, de produtos básicos para o neno ou nena, como leite e outros alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, artigos de paseo e de viaxe, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos.

Onde se poden presentar as solicitudes?

Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> e nos diferentes rexistros da Administración.

O formulario de solicitude está dispoñible na páxina web [www.xunta.gal /resultados-da-guia-de-procedementos](http://www.xunta.gal/resultados-da-guia-de-procedementos).

Que prazo hai?

Dous meses contados desde o día seguinte a aquel no que se produce o nacemento, se dita a resolución de garda con fins adoptivos ou se constitúe a adopción.

No suposto de que a persoa solicitante sexa emigrante retornada a Galicia e sempre que o fillo ou filla nacera con anterioridade ao seu regreso, este prazo de dous meses contarase a partir do día seguinte a aquel que conste na documentación que acredite fidedignamente a data de retorno a España.

Máis información:

<http://politicassocial.xunta.gal/>

<https://sede.xunta.gal/>

Consellería de Política Social-Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
Teléfono 012